

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Examinado o proxecto de Orzamento municipal formado por esta Alcaldía para o exercicio de 2017, acomodado na súa estrutura á normativa da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, e adaptado no seu desenvolvemento ás prescricións do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título VI da Lei de Facendas Locais, e que contén os documentos que preceptúa o artigo 168 do citado texto refundido.-

Visto o informe da Intervención municipal, emitido coa referencia JPB078/2016, do 22 de marzo, e considerando que na tramitación do Proxecto se cumpren os requisitos establecidos nas disposicións vixentes e que este contén os documentos esixidos, hónrome en propoñer ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2017, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 12.156.880.- euros (doce millóns cento cincuenta e seis mil oitocentos oitenta euros), e, en ingresos, na cifra de 12.156.880.- euros (doce millóns cento cincuenta e seis mil oitocentos oitenta euros), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS		INGRESOS	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1. Gastos de personal	3.596.242,50 €	1. Impuestos directos	3.810.200,00 €
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	7.653.687,50 €	2. Impuestos indirectos	80.000,00 €
3. Gastos financieros	0,00 €	3. Tasas otros ingresos	3.954.080,00 €
4. Transfer. Corrientes	506.120,00 €	4. Transf. corrientes	4.017.500,00 €
5. Fondo de Contingencia	0,00 €	5. Ingresos patrimoniales	249.700,00 €
6. Inversiones reales	385.830,00 €	6. Enajen.inversiones reales	40.400,00 €
7. Transfer. de capital	0,00 €	7. Transf. de capital	- €
8. Activos financieros	15.000,00 €	8. Activos financeiros	5.000,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	9. Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	12.156.880,00 €	TOTAL	12.156.880,00 €

3º.-Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.-

4º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2017 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.-

5º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.-

Sada, 22 de marzo de 2017

O Alcalde - Presidente,

Oscar Benito Portela Fernández